




**Entrevistas aos
gañadores de
Airiños: Kertuler
e Estado Puro**



**Plan de
formación
para 6.300
xóvenes**



**Primeiros
grandes
festivais da
primavera**



**Novas infraestruturas
para a mocidade galega**



Os espazos xuvenís renovados amplían e melloran servizos

A dirección xeral de Xuventude e Voluntariado inaugurou nas últimas semanas a modernización de diversas instalacións incorporadas á rede territorial de centros "Espazo Xove". As obras de reforma adaptación e o equipamento co que se dotou aos distintos locais supuxeron un investimento superior ao medio millón de euros.

A remodelación dos centros permite que a xuventude dispoña de mellores servizos e recursos máis modernos. Así, o principal avance de "Espazo Xove" é ofrecer nos centros temáticas transversais de interese xuvenil. Por eso, todos

os centros contan con espazos específicos destinados á vivenda, ao fomento do espírito emprendedor e á difusión de recursos laborais. Todo elo complementado co servizo Quérote+, ao que a Xunta lle ampliou o abano de temas, para abordar, entre outros, trastornos alimenticios, sexualidade, saúde e drogas, e condución responsable.

En definitiva, a Rede Galega "Espazo Xove" configúrase como un punto de información sobre todos os recursos, servizos e temáticas transversais que dun xeito ou doutro lle afectan ou son de interese para a xuventude.

NOIA

Na reforma da Casa da Xuventude de Noia investíronse preto de 115.000 euros. A remodelación foi integral, xa que a infraestrutura tiña máis de vinte anos. É unha das primeiras casas da xuventude modernizadas. O director xeral, Ovidio Rodeiro, acudiu á inauguración e presidiu o encontro territorial de informadores xuvenís.



BETANZOS



A reforma da Casa da Xuventude brigantina precisou de 90.000 euros de investimento. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o director xeral de Xuventude, acudiron á inauguración do espazo, que acolle xa unha exposición da **Fundación CIEC** ata o 15 de abril.

PONTEDEUME

O investimento foi de algo máis de 103.000 euros, o que permitiu poñer ao día

a Casa da Xuventude e, grazas a esa renovación, integrala na rede "Espazo Xove". Aproveitando a súa visita ás instalacións, Ovi-

dio Rodeiro participou no encontro territorial con informadores xuvenís, para explicarlles as accións do seu departamento.

CURTIS



En Curtis, a Xunta investiu uns 118.000 euros para reformar a anterior Casa da Xuventude. Agora conta con espazos máis amplos e aproveitables, equipamentos actuais, e un novo local de ensaio para canalizar e impulsar a capacidade artística e creativa da mocidade da zona. Durante a súa visita, Ovidio Rodeiro compartiu impresións cos mozos e mozas que xa estaban usando a nova infraestrutura.



LALÍN

A inauguración do “Espazo Xove” de Lalín, que precisou un investimento de 85.000 euros, contou coa presenza da conselleira de Traxectoria e Benestar, Beatriz Mato, e do director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro. A actuación consistiu en reformar a Casa da Xuventude preexistente para adaptala ás necesidades dos mozos e mozas da comarca dezana.



FÁBRICAS DE CREATIVIDADE

Nas Casas da Xuventude que así o permitían e noutros espazos válidos, a dirección xeral de Xuventude habilitou novos locais de ensaio musical. Unha tarefa na que este ano se baterá unha marca, xa que vai ser o do maior número de locais de ensaios aberto. Aos de Curtis e A Pobra, xa inaugurados, unirase nos vindeiros meses a posta en funcionamento de sete salas no complexo de Vigo, un local en Verín e outro en Valga.

A dotación de locais de ensaio enmárcase no programa “Xuventudemusica”, dirixido a fomentar e apoiar a creatividade musical entre a mocidade. O programa inclúe tamén certames, accións formativas e divulgativas, edición de cedés e actuacións musicais.

Tamén este ano se porá en marcha o circuito da Creatividade Xuvenil Galega, que encherá de contido as salas de exposicións e zonas para actividades formativas coas que contan os centros “Espazo Xove”.

A POBRA

Dentro das primeiras obras que a consellería abordou nas Casas da Xuventude, a correspondente á Pobra do Caramiñal é unha das de maior envergadura. Con 140.000 euros de orzamento, serviu para crear un local de ensaio nun inmoble municipal no Camiño Ancho (A Figueira), que foi ampliado, reformado e acondicionado. O local dispón de dúas salas independentes para ensaio, un local de gravación dixital de maquetas e outras dependencias loxísticas. As salas foron insonorizadas e parte do investimento serviu para adquirir o equipamento musical e o sistema de gravación.



CENTROS IMPLICADOS CO ENTORNO

Os centros da rede “Espazo Xove” buscan, ademais de ofrecer un servizo máis completo e de mellor calidade, unha coordinación efectiva cos distintos concellos do seu territorio de influencia. O obxectivo é incrementar a colaboración coas entidades locais e coas organizacións xuvenís de cada zona. Toda a rede conta a estes efectos co apoio dun equipo de dinamizadores. Con esta liña de traballo, queda atrás o carácter meramente local que a miúdo tiñan as Casas da Xuventude.



O plan de formación de Xuventude ofrece 74 cursos distintos en 2011

● Case 5.000 horas de formación para 6.300 alumnos, 500 máis que en 2010

O **Plan de Formación de Xuventude** oferta durante este ano 74 cursos de educación non formal, en tres bloques: as actividades de ocio alternativo, tempo libre e asociacionismo; cursos para o persoal da Rede Galega de Información Xuvenil; e actividades no ámbito do voluntariado.

O obxectivo do plan é facilitarlle á xuventude formación continua que permita mellorar a empregabilidade e organizar e xestionar os servizos que se ofrecen desde entidades xuvenís e de voluntariado.

No bloque de ocio alternativo e asociacionismo, ofértanse 26 cursos, por primeira vez algúns en liña. O programa que foi deseñado en "estreita colaboración" coas escolas de tempo libre, asociacións e outras entidades xuvenís.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado explicou na presentación do plan que os cursos deste bloque "favorecen a empregabilidade do alumno". Ovidio Rodeiro lembrou que cada ano se contratan máis de mil monitores para a "Cam-



paña de Verán" da Xunta. E explicou que estes empregos son cada vez menos temporais, ao haber programas de ocio alternativo nas distintas estacións, como Xuventur Neve, Roteiros ou Xuventur.

En canto ao capítulo para profesionais da Rede Galega de Información Xuvenil e técnicos de xuventude, os vinte cursos incorporan actividades relacionadas coas novas temáticas

dos centros **Quérote +**, como a prevención de consumos ou a condución responsable.

E no bloque de formación para voluntariado, as 28 accións formativas previstas, todas elas gratuítas, son "froito das propostas en materia de formación que nos fan chegar as propias entidades de acción voluntaria", indicou Rodeiro.

En total, vanse impartir 4.919 horas de formación que chegarán a 6.301 alumnos. Estas cifras supoñen un considerable aumento sobre 2010, cando se impartiran 2.805 horas de cursos con 5.805 alumnos.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, sulina a importancia de contar con profesionais de información e asesoramento xuvenil cada vez mellor preparados, para atender ás demandas dunha sociedade moi cambiante. "A formación continua non é asistir a cursos soamente –explica Rodeiro– é estar disposto a aprender cada día e ter unha mentalidade aberta para expandir e mellorar as nosas aptitudes profesionais".

Cursos de idiomas no estranxeiro en dezasete países diferentes

O programa de cursos de idiomas no estranxeiro da dirección xeral de Xuventude dá a opción de aprender oito linguas diferentes en dezasete países do estranxeiro.

En concreto, contéplanse cursos de inglés, francés, alemáns, italiano, portugués, chinés, árabe e ruso. Hai cursos tanto de aprendizaxe inicial como de perfeccionamento, en máis de cen escolas de idiomas de prestixio situadas en Gran Bretaña, Irlanda, Australia, Canadá, Estados Unidos, Malta, Nova Zelandia, Sudáfrica, Alemaña, Austria, Francia, Suíza, Italia, Portugal, Rusia, China e Marrocos.

Un grupo de cursos está dirixido a alumnos de 14 a 18 anos e outro para os maiores de 21 anos. A duración vai desde unha a catro semanas, en modalidades xeral, intensiva ou especializada.

As estadías fanse en residencias de estudantes, familias de acollida ou pisos compartidos. Estes aspectos son os que fan variar os prezos dos cursos.

Infórmate sobre o **programa**.



Mil prazas de turismo rural e de turismo activo a metade de prezo con Xuventur

O programa "Xuventur. Turismo rural para a mocidade galega" oferta mil prazas para persoas de 18 a 35 anos, que poderán gozar de fins de semana coñecendo a xeografía e o patrimonio natural, cultural e etnográfico galego a prezos entre un 50% e un 60% máis baratos que se contratasen á marxe do programa.



[Descarga o folleto informativo](#)

Esta iniciativa, que desenvolven en conxunto a dirección xeral de Xuventude e Voluntariado e a secretaría xeral para o Turismo, pretende proporcionarlle á xente nova a oportunidade de vivir a experiencia do turismo activo e do turismo rural e á vez promover a educación ambiental e o ocio saudable.



Ovidio Rodeiro, director xeral de Xuventude, e Carmen Pardo, secretaria xeral de Turismo, presentaron o programa de turismo rural para a mocidade galega

No programa participan 105 establecementos rurais situados en 53 concellos. As condicións foron acordadas en colaboración con dezaoito asociacións de turismo rural. Participan tamén quince empresas de turismo activo.

O programa desenvólvese durante as fins de semana de abril, maio e xuño, agás a Semana Santa. O prazo de inscrición xa está aberto, cun prezo de 100 euros por praza e desconto do 25% para os usuarios do **Carné Xove**. Inclúese aloxamento en casas de turismo rural nas noites do venres e o sábado, manutención completa desde a cea do venres ao almuerzo do domingo, transporte desde o aloxamento ata os lugares de realización das actividades, as propias actividades, o equipo de monitores e o material preciso.

As prazas deben reservarse telefonicamente a través dos números especificados no folleto informativo de Xuventur. Adxudícanse por rigorosa orde de inscrición.

Unha vez feita a reserva, hai que confirmar a praza mediante este **formulario**.



O turismo rural de Galicia destaca pola súa calidade



AIRIÑOS DE
ROCK & ROLL

ENTREVISTAS AOS GAÑADORES: KERTULER



“Os logros e os éxitos na música son sempre por traballo e constancia”

- A banda Kertuler, de Noia, foi a gañadora do Certame Airiños de Rock&Roll celebrado o sábado 26 de marzo no Coliseo da Coruña. Levan xa máis dunha década artellando metal rock -da formación orixinal quedan o batería e o cantante- e din que se presentaron ao concurso case por casualidade. Supoñemos que estaredes satisfeitos, non?

- A verdade é que si, claro. Enterrámonos do concurso por un amigo, e fomos un pouco por probar, enviámos un par de temas a ver que pasaba. Non esperabamos saír elixidos, e menos en primeiro lugar. Primeiro pola cantidade de bandas que había e despois polo noso estilo. O estilo que facemos non é o dunha música para todos os públicos, é algo moi centralizado en certo sector.

- Pero tampouco o xurado representa quizais un público amplo, xa que eran as demais bandas que concursaron, puntuándose entre si. Que vos elixa quen se moven no mundo da música, quen fan música, fai que valoredes máis o premio?

- Si. É xusto o que pensamos, ten un valor extra. Nos concursos que

teñen un xurado sempre se pode tirar para os da casa ou acabar con algunha clase de 'arreglo'. Pero neste caso valoramos moito eso porque é xente que toca algún instrumento, sabe de música, e sempre é unha satisfacción máis grande.

- Vedes axeitado que se vos encaixe como grupo de metal rock?

- En termos xerais si. Kertuler non é un heavy metal clásico, senón algo máis moderno, con moitas influencias do rock en xeral. Porque é a música que escoitamos todos, e cada un achega despois a súa parte, e sae o que hai. Realmente non sabemos poñerlle unha definición máis exacta. Nin tampouco vemos necesario encadrarnos nun estilo nin inventar un nome exacto para definir a nosa música. A música é música e sona o que sona e xa está. Nós vémolos así.

- Kertuler xa ten unha experiencia consolidada e mesmo dous discos. Certames como Airiños axúdanvos a abrir portas?

- A verdade é que xa levamos dez anos nesto, que na música quizais non sexan moito nin pouco, pero sempre que nos sucederon cousas similares vemos que despois do evento hai certa repercusión. Ábren-

se portas para festivais e a xente está máis pendente do grupo. Realmente ese tirón existe e é interesante aproveitalo.

- E o seu efecto pasa demasiado pronto...

- Tampouco son estas as cousas que nos permitan dicir que xa demos un salto de nivel. O noso sitio é o noso sitio e todo o que veña a partir de aí virá. Non podes facerte falsas ilusións. Nós o que temos comprobado é que o que sae adiante na música, todos os logros e todos os éxitos, son sempre a base de traballo e de constancia, simplemente.

- De todos os xeitos, tamén se queda un coa experiencia de compartir escenario con Def con Dos ou O'Funk'illo...

- Claro. Un evento así sempre gusta, ter unha cantidade de xente que igual sería a primeira vez que nos vía. Pero quizais a sorpresa máis grata foi ver que a xente, os varios centos de persoas que había no Coliseo, estaba disfrutando do concerto. Eso si que anima e é o que che dá o subidón. Gustounos moito que incluso cantaban as letras das cancións. E era xente que só contaba cos cabezas de cartel. Non sabían quen ían



Os integrantes da banda Kertuler, de Noia

ser os grupos gañadores, que subimos ao escenario case inmediatamente tras sermos escollidos. Con eso é co que máis nos quedamos.

- Que plans e futuro tedes?

- Estamos pechando datas de aquí ao verán, por salas, principalmente de Galicia e tamén nalgunha de fóra. E para o verán estamos tamén intentando pechar os festivais. Despois, para novembro ou decembro esperamos empezar a gravar o próximo disco, o terceiro.



**AIRIÑOS DE
ROCK&ROLL**

ENTREVISTAS AOS GAÑADORES: ESTADO PURO

“El secreto de nuestro éxito radica en que cuando tocamos estamos en nuestra casa”



estado puro

- ¿Habéis cubierto las expectativas con las que os presentásteis al certamen?

- Claro. Incluso más. Creemos que las hemos sobrepasado.

- ¿Cómo conocisteis la existencia del concurso y por qué os decidisteis a presentaros?

- La verdad es que no recordamos cómo nos enteramos, seguramente una casualidad o nos lo dijo. Siempre que nos enteramos de algún concurso solemos presentarnos, más que nada porque siempre es una oportunidad. Vimos que podía ser interesante y nos decidimos.

- ¿Qué valoración hacéis del certamen?

- Si para nosotros algún valor tuvo este concurso, eso ante todo fue con las bandas que lo compartimos ver el nivel que había. Y que además fueran votaciones hechas por ellos, que fuesen los músicos quienes nos votaron y viendo el nivel que tenían esos músicos creo que es lo más importante para nosotros, al estar entre los dos más votados.

Está bien tocar en un escenario más grande, disfrutas con ello porque no todos los días tienes la oportunidad. Pero sobre todo es eso, el



Estado Puro, de Cangas, durante Airiños de Rock&Roll

saber que las bandas de toda Galicia, con un nivel impresionante, nos han elegido para estar entre los dos más votados.

- ¿Cómo ha sido la experiencia de compartir escenario con Def con Dos, con O'Funk'illo?

- Imagínate. Son grupos que escuchábamos hace diez o quince años, íbamos a los conciertos y nos recorríamos Galicia para ir a verlos. Así que figúrate lo que es para nosotros. Es una experiencia única.

- ¿Cuál es la historia del grupo?

- Hace unos tres años que estamos

con él, tal como es ahora. Y la verdad es que los cuatro que somos nos conocemos de siempre, somos familia por así decirlo. Teníamos cada uno nuestras historias y un buen día decidimos que, ya que nos gusta más o menos y siempre estamos hablando de lo mismo, probar a hacer algo juntos. Por eso surgió y el secreto de nuestro éxito radica en eso: estamos en casa, cuando tocamos estamos en nuestra casa.

- ¿Qué influencias tenéis? ¿Os atrevéis a etiquetaros?

- Nuestro caso es muy complejo

porque nos gusta todo tipo de música. Y disfrutamos con ella, cada vez que componemos o tocamos, es algo que te sale, no buscas nada a propósito.

- ¿Cuáles son los próximos pasos que va a dar la banda?

- Estamos grabando nuestro primer álbum, producido por nosotros mismos en nuestro propio estudio de grabación. Queremos hacer un trabajo en condiciones, aunque sea lento. También estamos preparando con toda la ilusión una minigira en formato acústico, por primera vez. Y queremos atender a la demanda que tenemos de tocar en salas y festivales del sur de Galicia en el próximo verano-otoño de 2011.

- No sé si el panorama da para algo más o las cosas están demasiado complicadas. ¿Cuál es vuestra meta?

- Hace tiempo que tenemos metas muy definidas en esto. Simplemente se trata de hacer lo que nos apetece hacer en cada momento y hacerlo. Queremos aprovechar las oportunidades que surjan y tocar en el máximo número de sitios posibles mientras haya ilusión y ya está. No pedimos grandes cosas.



OS PRIMEIROS FESTIVAIS MUSICAIS DA PRIMAVERA COMPLETAN OS SEUS CARTEIS

Sónar Galicia 2011: unha cita que se consolida

O CARTEL

Shackleton	Boys Noize	Judah
James Holden	Buraka Som Sistema	Lasers
The Gaslamp Killer	Caino & Zinqin	Mr. Fishman Dr. Think
M.I.A.	Colectivo Oruga	Munchi
Magnetic Man	Dj Ino & La Keise Band	Ningunos DJs
Underworld	DJ Sith	Wasilkoski
Die Antwoord	Galis 115	
Cut Copy	HHY & The Macumbas	



Comezou en 2010 aproveitando o Xacobeo. E este ano mantense. O Festival Internacional de Música Avanzada **Sónar Galicia 2011** concentrará na Coruña o 17 e 18 de xuño unha vintena de artistas nacionais e internacionais de primeiro nivel, cos que facer un percorrido polas múltiples caras da electrónica do momento.

Non faltarán tampouco os creadores galegos, xa que unha das pretensións do festival é darlle visibilidade á creación musical contemporánea en Galicia, e á vez contribuír así a asentar o evento na Coruña.

O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, explicou na presentación do festival que estará representado "o noso heteroxéneo panorama musical" e destacou que a programación "intenta hibridar grandes espectáculos de artistas internacionais con propostas de corte vangardista e experimental".

Nesta segunda edición, consolídase a dobre sede do Sónar, que ata o ano pasado en España non tivera outro escenario que Barcelona. O conselleiro lembrou que esta fórmula *twin* funciona perfectamente.


Máis información:

AS ENTRADAS

- Abono: 65 euros (en despacho 75 euros)
- Entrada un día: 35 euros (en despacho 45 euros)

ticketmaster

venta de entradas
www.novacaixagalicia.es





OS PRIMEIROS FESTIVAIS MUSAICAIS DA PRIMAVERA COMPLETAN OS SEUS CARTEIS



O Sinsal 9 racha convencións

O garaxe de ExpoCoruña acollerá o 9 de abril o **Festival Sinsal 9**, que levará a súa identidade un pouco máis alá, con propostas pouco convencionais que case non se deixan ver nos festivais ao uso. Experimentos sonoros dentro da música e a utilización do espazo físico para sorprender coa acústica ao espectador son constantes na programación deste evento.

O cartel recolle oito actuacións, todas elas de vangarda. Destaca o dúo de FM Einheit e Massimo Pupillo, que só se pode ver en direc-

to. Einheit fai música co que atope na súa caixa de ferramentas –taladro incluído- e Pupillo é quen de levar o seu baixo ata límites insospeitados, sempre sen esvarar desde a corda frouxa que leva da música ao ruído.

O Sinsal 9 tamén trae a Diva Dompe, co seu proxecto en solitario. Esta californiana conta con son único, entre a psicodelia, o new age e a world music. No escenario estarán tamén Live Footage, o dúo de música electroacústica de Topu Lyo e Mike Thies caracterizado pola improvisación en orde.

Para os máis partidarios do último no techno, que leva o dubstep a tonalidades moi escuras, estarán os ingleses Raime (Joe Andrews e Ton Halstead). Outra presenza será a de Rene Hell, o enésimo nome artístico de Jeff Witscher, co que agora se abre camiño en sons máis luminosos.

Quen xogará na casa será Miguel Prado. Este coruñés de 26 anos é un dos artistas sonoros galegos cunha carreira máis prometedora, con pezas de guitarra eléctrica coas que carga contra o capitalismo.



Encontro de Enxeñaría Cultural AP-9

En paralelo ao Festival Sinsal 9, celebrarase o primeiro encontro de Enxeñaría Cultural AP-9. Non toman o nome da autoestrada por casualidade, xa que esta actividade ten raíces en Vigo, as do colectivo Sin-

sal, e na Coruña, cos organizadores dos concertos de ExpoCoruña.


O encontro presentará as últimas tendencias na xestión de proxectos culturais. Varios poñentes amosarán novas maneiras de acome-

ter proxectos culturais e artísticos, orientándose a iniciativas sostibles e métodos pouco convencionais pero efectivos.

A crise tamén se nota neste mundo, quizais un dos que mellor sabe aplicar aquilo de que 'a fame agudiza o inxenio'.

TOMA NOTA...

O Galicia Importa 2011, a todo luxo



Pete Doherty o 16 de abril en Santiago (Sala Capitol), **Jay-Jay Johanson** o 30 de abril na Coruña (ExpoCoruña) e **M. Ward** o 19 de maio en Vigo (Auditorio Municipal). Con esta contundencia vai comezar o ciclo Galicia Importa de 2011. Tres actuacións de luxo que xa teñen as entradas á venda desde hai uns días en **servinova**, en Discos Elepé de Vigo, Discos Gong de Santiago e Discos Portobello na Coruña.

Para o irreverente Doherty –forma politicamente de dicir conflictivo- será a primeira vez que pise un escenario galego. Nos últimos anos foi madurando, todo hai que dicilo, e musicalmente eso tradúcese no novo traballo '**Grace/Wastelands**', máis

acougado do habitual nel pero co seu inmenso talento sempre presente.

O sueco Jay Jay Johanson exhibirá a clásica sensibilidade envolta en formatos dixitais, sempre dentro do bo gusto e a elegancia nórdica. Acaba de publicar **Spellbound**, o seu oitavo disco no que continúa evolucionando nas cancións emotivas.

E o californiano **Mister Ward** revelará en Vigo as razóns polas que o consideran o cantautor do século XXI, sen entrar no mainstream, cada vez menos main e máis stream por certo. Ward e a súa guitarra centrará a súa xira española, con parada por primeira vez en Galicia, no seu último disco Hold Time.

NON O PERDAS

MEGADETH + SLAYER. A CORUÑA
29 DE MARZO. COLISEUM.



HAVALINA. VIGO. 15 DE ABRIL.
A FÁBRICA DE CHOCOLATE.

NON O PERDAS

A CORUÑA

31 de marzo
Los Mecánicos
Dublin Irish Pub

1 de abril
Willie Nife
Le Club

2 de abril
Reincidentes
O Túnel

2 de abril
Centro-Matic
Mardi Gras

7 de abril
Los Mecánicos
Dublin Irish Pub

8 de abril
No way out
Le Club

9 de abril
Entombed
El Túnel

9 de abril
Fabián
Le Club

A LARACHA

1 de abril
Tristediós Tango
Pub D'Anton

VIGO

1 de abril
Telephones Rouges
The Friendows
A Farándula

2 de abril
Vivian Girls
La Fábrica de Chocolate

2 de abril
José González
Auditorio Novacaixagalicia

7 de abril
El Columpio Asesino
CUVI

7 de abril
FainoTi
La Fábrica de Chocolate

8 de abril
Fabián
Contrabajo

9 de abril

Shout Out Louds
Mondo Club

CELANOVA
1 de abril
Fracasados de Antemano
Pub Oxígeno

LUGO
9 de abril
No way out
Clavicémbalo

12 de abril
Holywater
Casa do Saber

SANTIAGO DE COMPOSTELA
2 de abril
La Fuga
Sala Capitol

6 de abril
No way out
Sala Nasa

7 de abril
Fabián
Ultramarinos

8 de abril
Mecano XXI

Pazo de Congressos

9 de abril
Sho Hai (Violadores del Ver-
so)

FERROL
2 de abril
Telephones Rouges
Le Cúl
Super 8

OURENSE
2 de abril
Tachenko
Café Torgal

9 de abril
FainoTi
Café Cultural Auriense

BUEU
2 de abril
Mamba Beat
Aturuxo

Funk`n Bastards
Labranza

3 de abril
Guezos
Aturuxo

9 de abril
Bats
Aturuxo

XINZO DE LIMIA
2 de abril
Renegados
Urban Place

MELIDE
8 de abril
Cardigan Bridge
Sala 600

9 de abril
Josele Santiago
Sala 600

CALDAS DE REIS
9 de abril
Los Mecánicos
Zona Cero

O BARCO DE VALDEORRAS
15 de abril
Igloo
Baranda

PONTEVEDRA
15 de abril
Maryland
Sala Karma